

ARISTÓTELES. CARACTERÍSTICAS DA VIRTUDE (ARETÉ)

1. **VIRTUDE ÉTICA (ETHIKÉ ARETÉ): (VIRTUS MORALIS, LAT.)**, CUALIDADES DA PARTE IRRACIONAL DA ALMA, PAIXÓNS NOBRES. **VIRTUDE DIANOÉTICA (DIANOETIKÉ ARETÉ): (VIRTUS INTELLECTUALIS, LAT.)** CUALIDADES DA PARTE RACIONAL DA ALMA. **PENSAMENTO (DIÁNOIA). (IN INTELLECTU ET RATIONE, LAT.)**.
2. **EXCELENCIA**. CUALIDADES EXCELENTE. PRUDENCIA, SABIDURÍA, VALENTÍA, FORTALEZA, ETC.
3. **DISPOSICIÓN, TENDENCIA (HÉXIS)**. APTITUDE DA ALMA PARA COMPORTARSE PERMANENTEMENTE DUN MODO DETERMINADO (VIRTUOSAMENTE).
4. **ADQUISICIÓN, APRENDIZAXE**. A VIRTUDE NON É INNATA, NON SE NACE CON ELA. OS HUMANOS POSUÍMOS AS VIRTUDES EN **POTENCIA (DYNAMIS)**, PERO SÓ AS POSUÍMOS EN **ACTO (ENÉRGEIA)** POR MEDIO DA PRÁCTICA.
5. **PRÁCTICA, HÁBITO, EXERCICIO, COSTUME (ÉTHOS)**. A VIRTUDE ADQUIRESE E PERFECCIONASE POR MEDIO DA PRÁCTICA E O EXERCICIO, ATE QUE SE CONVERTE NUN HÁBITO OU COSTUME ARRAIGADO NA ALMA HUMANA.
6. **VONTADE, ELECCIÓN (PROAÍRESIS)**. A VIRTUDE DEPENDE DUNHA FACULTADE DA ALMA QUE É A **VONTADE (VOLUNTAS, LAT.)**, COMPORTA A **DECISIÓN DE ACTUAR DUN DETERMINADO MODO (VIRTUOSAMENTE)**.
7. **TERMO MEDIO (MESOTÉS)**. A VIRTUDE ÉTICA SITUÁSE NUN PUNTO DE EQUILIBRIO ENTRE DOUS EXTREMOS (VICIOS), UN POR **EXCESO** OUTRO POR **DEFECTO**. O VICIO (VITIUM, LAT.) É A FALTA OU CARENCIA DE VIRTUDE. A PERSOA VICIOSA É A QUE CARECE DE VIRTUDES.
8. **DELIBERACIÓN (BOULEÚSIS), RAZÓN (LÓGOS)**. O **TERMO MEDIO** ESTABÉCEO A RAZÓN (PRÁCTICA) DO HOME E IMPLICA UNHA **DELIBERACIÓN**.
9. **CIRCUNSTANCIA, CONTEXTO, SITUACIÓN**: O **TERMO MEDIO** FÍXASE TOMANDO EN CONSIDERACIÓN AS **CIRCUNSTANCIAS** EXTERNAS E INTERNAS. **ÉTICA CONTEXTUAL OU SITUACIONAL**.